


MAPA ORTIGUEIRA



MUTUASPORT

Seguros de R.C. do cazador con diversos tipos de coberturas
Seguro de Danos propios
Seguro de Responsabilidade Civil dos Cans
Seguro de Responsabilidade Civil de Competicións
Seguro de Responsabilidade Civil de Ganchos e Monterías
Seguro de Responsabilidade Civil para Tecores

Mutuasport, a mutua dos cazadores, dirixida exclusivamente POR e PARA Cazadores, que sabemos cales son as túas necesidades, ofrecémosche unha interesante variedade de seguros de caza.

¡¡ Cazador, o teu monte é o noso !!

Ningún da + por -

IV COPA FEDERACIÓN DE CANS DE RASTRO SOBRE XABARIL



26 DE MAIO DE 2012

**TECOR C-10112 "ORTEGAL" e C-10133 "EIXIL"
ORTIGUEIRA E CEDEIRA (A CORUÑA)**

Proba de traballo sobre xabaril salvaxe con cans de rastro en terreo aberto

Organiza: **FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA NA CORUÑA**
Colaboran: **SOCIEDAD DE CAZADORES ORTEGAL**
SOCIEDAD DE CAZADORES DE CEDEIRA

IV COPA FEDERACIÓN DE CANS DE RASTRO SOBRE XABARIL

COMITÉ ORGANIZADOR

DON MANUEL SAA CASARIEGO
Presidente da Federación Galega de Caza na Coruña

DON JOSE M. LOPEZ CAL
Presidente da Xunta Xestora da Sociedade de Cazadores de
Ortigueira

DON ENRIQUE LOSADA PITA
Presidente da Sociedade de Cazadores de Cedeira

DON EMILIO VILA TORREIRA
Tesoureiro da Federación Galega de Caza na Coruña

DIRECTOR DA PROBA
DON RAMÓN BERTO A SUÁREZ

XUÍCES :
Serán designados Xuíces da FGC pola organización.

XURADO DE COMPETICIÓN

Designarase o mesmo día no lugar de competición

REGULAMENTO

Esta proba rexerá polo vixente Regulamento Oficial de Probas de Cans de Rastro e os anexos de Rastro de Xabaril.

PARTICIPACIÓN

A participación neste Campionato será libre. PLAZAS LIMITADAS. O nº máximo de participantes e de 20 lotes de 6 cans

cadaún incluído o campión da pasada edición, o resto realizarase por sorteo dos lotes pre-incritos, o día 23 de maio en Ortigueira.

PRE-INSCRICIÓN

Deberá realizarse ata o día 21 de maio ás 20,00 horas, persoalmente, por fax ou teléfono na Federación Galega de Caza na Coruña, sita na Rúa Vila de Caión, 27 baixo de Carballo, Tfno: 981-702957, fax: 981-755074 e-mail: coruna@federaciongalegadecaza.com.

IMPORTANTE: No momento da inscrición será obrigatorio a presentación da tarxeta federativa ou documento único en vigor.

PREZO DE INSCRICIÓN

60 €uros (xantar incluído). Cada lote poderá ir acompañado dun participante e un máximo de 3 conductores. O prezo dos conductores é de 25€ cadaún. A inscrición abonarase ata o día 23 de maio. Pode realizarse en efectivo ou ben a través da entidade financeira Novagalicia Banco: conta: 2080-5482-82-3040103251

LUGAR DE CONCENTRACIÓN E SORTEO

A concentración terá lugar de 8,30 a 9,00 horas do día 26 de maio no Restaurante "SANTA MARTA", situado enfrente á gasoliñeira de Ortigueira (km. 51 estrada Ferrol-Viveiro).

O sorteo de saída de campos realizarase ás 9,30 horas.

CLAUSURA E ENTREGA DE PREMIOS

Ao remate da proba celebrarase un xantar de clausura e entrega de premios, no Polígono Industrial de Ortigueira.

O Comité organizador resérvase o dereito a modifica-lo presente programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan.

Para poder participar será necesario dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra os danos ocasionados polo cazador e polo can.